

Tabú

As forzas ancestrais moven tabús

É difícil concibir unha vida libre, sen tabús. Dubido que exista algunha civilización ou sociedade sen algunha porta pechada, sen algún tabú. Non obstante, un tabú é moito máis ca unha prohibición: é unha situación, un obxecto, un lugar, un costume social que adoita evitarse. Os tabús gardan segredos, pero tamén definen os límites das nosas accións e das nosas posibilidades.

A danza contemporánea galega, de xeito explícito, estreou unha peza que coreografía iso dun xeito poético, sen deter a atracción do seu misterio. Refírome a Tabú (MIHL de Lugo, 03/12/2021) da Cía. Colectivo Glovo, nunha coprodución co Centro Coreográfico Galego.

Acostumados ás propostas a dúo deste grupo, como EM.NA (Teatro Ensalle, 2021) e M.A.P.A. (Circuito Bucles, Valencia, 2016), con Esther Latorre e Hugo Pereira, sorprendeunos a súa ampliación a un quinteto danzante en Tabú, no que se mantívose o dúo silábico en semellanza co título. Non é de balde, porque a poética da parella Latorre-Pereira mantense aquí, pero reflíctese amplificada cara a unha coralidade na que o social, o comunitario, é protagonista.

Se consideramos que o punto de partida da creación foi unha fotografía histórica, a máis antiga da que temos noticia, que mostra das primeiras xogadoras de fútbol feminino. A fotografía de Manuel Riesco, datada en 1925, retrata as futbolistas de Allariz e do Celanova, en actitude épica, forte e seria e con recollidos estilo Belle époque.

En Tabú, o elenco formado por Esther Latorre, Hugo Pereira, Clara Ferrao, Sybila Gutiérrez e Fran Martínez, tanto polo movemento como polo vestiario —de saias-pantalón e chaquetas de telas vaporosas e reminiscencias orientais, deseño de Adolfo Domínguez— conseguen diluír o concepto de xénero. Porén, o feminino está, dalgún xeito, presente. Tamén podemos sentir a transgresión, a do deportivo e a transgresión do tabú, naquelas mulleres dos anos vinte do século pasado que xogaban ao fútbol en Ourense.

Alén diso, podemos desfrutar co magnetismo que desprega unha coreografía de ciclos hipnóticos de movementos amplos, puntuados por pequenos detalles xestuais que semellan xeroglíficos. Podemos pasmar ante os unísonos coreográficos intensificadores de voos, descenso, driblados, procesións, detencións inzadas de mirada. E tamén coa sorpresa das diferenzas, eses momentos en que cada unha das integrantes dese coro, desa comunidade, fai unha especie de solo, nunha distinción que contrasta e establece analoxías co resto do grupo.

Ademais, nesa comunidade pode sentirse unha forza ancestral moi vinculada ao ecosistema cultural galego. Quizais se deba á música de Babykatze, nomeadamente nas secuencias iniciais e finais, cun espazo sonoro que evoca o labor de sachar a terra fresca no comezo, ou a foliada e a celebración no peche. Talvez porque a danza contemporánea tamén é un produto da terra e da súa diversidade e, neste caso, hai raíz.

By Afonso Becerra de Becerreá

ERREGUETÉ #103

<https://www.colectivoglovo.com/>